

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de febreiro de 2022**

Ás 18.00 horas do día 16 de febreiro de 2022, reúnese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, no salón de sesións da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Pablo Pérez Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Álvaro José Fernández Pérez

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Jorge Pumar Tesouro (substituído por dona Ana María Villarino Pardo)

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 19 DE XANEIRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de xaneiro de 2022.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 19 de xaneiro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ESTRADA OU-1015 ALBARELLOS (OU-1012)-MEDEIROS(OU-1016)”, (PPQQ 0,658 E 1,000; PPQQ 3,786 E 4,100), NO TERMO MUNICIPAL DE MONTERREI, INCLUÍDAS CO NÚMERO 107, NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO ANO 2021, APROBADO INICIALMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL,

O presidente da comisión explica o contido da proposta.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1.- Resolver as alegacións formuladas no trámite de información pública polos interesados e respecto ás parcelas que a continuación se relacionan, nos termos que se expoñen de seguido:

a) Parcelas 40 e 41.- Por parte de D. Nicanor Payo Boo, maniféstase que xunto co seu irmán, D. Rafael Payo Boo son herdeiros sen testamento, por metade e partes iguais, de D. Máximo Payo Novoa, titular catastral das parcelas 40 e 41 do expediente expropiatorio. O alegante achegou, en tempo e forma, copia da acta de notoriedade da declaración de herdeiros sen testamento de D. Máximo Payo Novoa e certificados de defunción deste e da súa esposa.

Examinada a documentación achegada polo alegante, queda acreditada a condición de herdeiros sen testamento, por metade e partes iguais de D. Nicanor Payo Boo e do seu irmán D. Rafael Payo Boo, motivo polo que procede estimar a súa alegación neste punto e polo tanto consideralos, para os efectos da tramitación do expediente expropiatorio, como copropietarios respecto das parcelas 40 e 41 do citado expediente, identificadas coas referencias catastrais números 32051A056009370000MY e 32051A056013400000MP do Catastro inmobiliario do municipio de Monterrei.

b) Parcela 49.- Doutra banda, D. Nicanor Payo Boo manifesta que, xunto co seu irmán, D.

Rafael Payo Boo, na súa condición de herdeiros sen testamento, por metade e partes iguais, de D. Máximo Payo Novoa, son copropietarios da parcela 49 do mencionado expediente expropiatorio en virtude da permuta efectuada con data 28 de marzo de 2005 entre o seu defunto pai, D. Máximo Payo Novoa e D. Juan Boo González. O alegante achegou, en tempo e forma, copia do escrito de permuta e trámites efectuados ante a Xerencia Territorial do Catastro, Delegación de Ourense para facer efectiva a mencionada permuta na base de datos catastrais.

Á vista da documentación achegada polo alegante, queda acreditada a permuta referida no parágrafo anterior, motivo polo que procede estimar a súa alegación neste punto e polo tanto consideralos, para os efectos da tramitación do expediente expropiatorio, como copropietarios respecto da parcela 49 do citado expediente expropiatorio, identificada coa referencia catastral número 32051A056009270000MS do Catastro inmobiliario do municipio de Monterrei.

c) Parcelas 43 e 46.- Por parte de D. Juan Boo González maniféstase que debido a un erro do Catastro, as parcelas 43 e 46 do expediente expropiatorio, identificadas coas referencias catastrais 32051A056009310000MZ e 32051A056013380000ML, aparecen a nome das súas fillas, expresando a continuación que as devanditas parcelas non son da súa propiedade senón que lles pertencen aos familiares de Adelaida Rivero Novoa.

Á vista do escrito de renuncia presentado polo alegante, procede estimar a súa alegación neste punto e polo tanto considerar, para os efectos da tramitación do expediente expropiatorio, como titulares respecto das parcelas 43 e 46 do expediente expropiatorio, identificadas coas referencias catastrais 32051A056009310000MZ e 32051A056013380000ML do Catastro inmobiliario do municipio de Monterrei aos familiares de Adelaida Rivero Novoa, condición que deberán acreditar no momento de comparecer no expediente expropiatorio.

2.- Ter por declarada a utilidade pública, de conformidade co disposto no *artigo 10 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, das obras de acondicionamento e mellora da estrada OU-1015 Albarellos (OU-1012)-Medeiros(OU-1016)*”, (ppqq 0,658 e 1,000; ppqq 3,786 e 4,100), no termo municipal de Monterrei, cuxo proxecto foi aprobado definitivamente mediante resolución da Presidencia desta Deputación número 2021/5303, ao atoparse incluídas co número 107, no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal do ano 2021 (BOP n.º33 do 10 de febreiro de 2021).

3.- Acordar definitivamente, so abeiro do disposto polo artigo 22, parágrafo quinto, da *Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia*. a **necesidade de ocupacion, con carácter**

urxente, dos bens e dereitos necesarios para ea xecución das obras **acondicionamento e mellora da estrada OU-1015 Albarellos (OU-1012)-Medeiros(OU-1016)**”, (ppqq 0,658 e 1,000; ppqq 3,786 e 4,100), no termo municipal de Monterrei, para os efectos da expropiación forzosa tramitada por esta Deputación, de acordo co previsto no artigo 21 da *Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa e* de conformidade co reflectido no cadro seguinte:

Finca	Polig.	Parc.	Refer. Catastral	Propietarios	Clasificación	Dominio
1	43	324	32051A043003240000MK	- CASTOR PAREDES JUSTO	Solo Rústico (RPO)	68,44
2	943	217	32051A043002170000MQ	- CASTOR PAREDES JUSTO	Solo Rústico (RPO)	32,13
3	43	323	32051A043003230000MO	- EMILIO RUA VAAMONDE	Solo Rústico (RPO)	290,39
4	43	218	32051A043002180000MP	- EMILIO RUA VAAMONDE	Solo Rústico (RPO)	27,38
5	43	325	32051A043003250000MR	- ROSA JUSTO ARAUJO	Solo Rústico (RPO)	314,37
6	43	219	32051A043002190000ML	- CLAUDIO JUSTO LOSADA	Solo Rústico (RPO)	41,75
7	43	326	32051A043003260000MD	- CANDIDA AÑEL SUAREZ	Solo Rústico (RPO)	154,05
8	43	220	32051A043002200000MQ	- CANDIDA AÑEL SUAREZ	Solo Rústico (RPO)	32,59
9	43	327	32051A043003270000MX	- SUSANA SUAREZ ARIAS	Solo Rústico (RPO)	59,45
10	43	221	32051A043002210000MP	- SUSANA SUAREZ ARIAS	Solo Rústico (RPO)	43,06
11	43	315	32051A043003150000MP	- DE ALBARELLOS VECINOS	Solo Rústico (RPO)	345,10
12	43	222	32051A043002220000ML	- EMILIO RUA VAAMONDE	Solo Rústico (RPO)	62,65
13	43	223	32051A043002230000MT	- MARIA LUISA SUAREZ ARIAS	Solo Rústico (RPO)	62,04
14	43	224	32051A043002240000MF	- CANDIDA AÑEL SUAREZ	Solo Rústico (RPO)	33,80
15	43	253	32051A043002530000MP	- FEDERICO JUSTO MENDEZ - GENMA GALGANI ROLAN MORAIS	Solo Rústico (RPO)	109,85
16	43	328	32051A043003280000MI	- RUBEN MENO GARCIA - ISABEL MENO GARCIA	Solo Rústico (RPO)	418,69
17	43	260	32051A043002600000MM	- RUBEN MENO GARCIA - ISABEL MENO GARCIA	Solo Rústico (RPO)	1381,45
18	56	895	32051A056008950000MJ	- HEREDEROS DE SARA ATANES ALVAREZ	Solo Rústico (RPA)	2,85
19	56	876	32051A056008760000MG	- MARIA LUISA RODRIGUEZ PRIETO	Solo Rústico (RPA)	11,51
20	56	894	32051A056008940000MI	- JOSE RAUL BOO GONZALEZ	Solo Rústico (RPA)	10,21
21	56	877	32051A056008770000MQ	- MARIA CATALINA LOSADA FIDALGO	Solo Rústico (RPA)	8,50
22	56	1341	32051A056013410000ML	- ROCIO BOO FERREIRO	Solo Rústico (RPA)	7,79
23	56	1335	32051A056013350000MG	- HEREDEROS DE BALBINA ZARRAQUINOS GONZALEZ	Solo Rústico (RPA)	4,86
24	56	891	32051A056008910000MR	- SERGIO BOO GALLEGO	Solo Rústico (RPA)	2,07
25	56	893	32051A056008930000MX	- ROCIO BOO FERREIRO	Solo Rústico (RPA)	44,67
26	56	892	32051A056008920000MD	- HEREDEROS DE BALBINA ZARRAQUINOS GONZALEZ	Solo Rústico (RPA)	17,46
27	56	1329	32051A056013290000MA	- SERGIO BOO GALLEGO	Solo Rústico (RPA)	9,22

28	56	889	32051A056008890000MD	- HEREDEROS DE LUZ BOO DAMEA	Solo Rústico (RPA)	2,77
29	56	887	32051A056008870000MK	- JULIA ATANES PAYO - HEREDEROS DE ERNESTO ATANES PAYO	Solo Rústico (RPA)	3,81
30	56	885	32051A056008850000MM	- ADOLFO ALVAREZ NOVOA - SANTOS ALVAREZ NOVOA	Solo Rústico (RPA)	7,76
31	56	890	32051A056008900000MK	- HEREDEROS DE SARA ATANES ALVAREZ	Solo Rústico (RPA)	25,30
32	56	1347	32051A056013470000MR	- TERESA MARANTE LISTA	Solo Rústico (RPA)	9,00
33	56	883	32051A056008830000MT	- HEREDEROS DE SARA ATANES ALVAREZ	Solo Rústico (RPA)	16,65
34	56	884	32051A056008840000MF	- TERESA MARANTE LISTA	Solo Rústico (RPA)	23,05
35	56	1346	32051A056013460000MK	- HEREDEROS DE SARA ATANES ALVAREZ	Solo Rústico (RPA)	17,37
36	56	1345	32051A056013450000MO	- HEREDEROS DE ANTONIO GONZALEZ FERNANDEZ	Solo Rústico (RPA)	0,34
37	56	882	32051A056008820000ML	- HEREDEROS DE ANTONIO GONZALEZ FERNANDEZ	Solo Rústico (RPA)	21,56
38	56	881	32051A056008810000MP	- JULIA ATANES PAYO - HEREDEROS DE ERNESTO ATANES PAYO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	15,65
39	56	880	32051A056008800000MQ	- DELFIN BOO PAYO	Solo Rústico (RPA)	18,10
40	56	937	32051A056009370000MY	- - RAFAEL PAYO BOO - NICANOR PAYO BOO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	86,55
41	56	1340	32051A056013400000MP	- - RAFAEL PAYO BOO - NICANOR PAYO BOO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	46,10
42	56	932	32051A056009320000MU	- HEREDEROS DE JUSTO PRIETO RIVERO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	17,18
43	56	931	32051A056009310000MZ	-ADELAIDA RIVERO NOVOA	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	15,71
44	56	1339	32051A056013390000MT	- HEREDEROS DE JUSTO PRIETO RIVERO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	13,64
45	56	930	32051A056009300000MS	- ELADIO NOVOA ALVAREZ	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	9,83
46	56	1338	32051A056013380000ML	- ADELAIDA RIVERO NOVOA	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	9,12
47	56	925	32051A056009250000MJ	- JULIA ATANES PAYO - HEREDEROS DE ERNESTO ATANES PAYO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	32,96
48	56	1337	32051A056013370000MP	- ELADIO NOVOA ALVAREZ	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	7,26
49	56	927	32051A056009270000MS	- RAFAEL PAYO BOO - NICANOR PAYO BOO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	23,44
50	56	924	32051A056009240000MI	- HERMINDA ZARRAQUÍÑOS BOO - MARIA TERESA DAMEA ZARRAQUÍÑOS - YOLANDA DAMEA ZARRAQUÍÑOS	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	20,98
51	56	1324	32051A056013240000MS	- MARIA CATALINA LOSADA FIDALGO	SOLO DE NÚCLEO RURAL (SNR)	32,93
52	56	923	32051A056009230000MX	- ROSA MARIA BOO FIDALGO - SONIA BOO FIDALGO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	26,29
53	56	922	32051A056009220000MD	- ELADIO NOVOA ALVAREZ	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	20,79
54	56	1334	32051A056013340000MY	- ELADIO NOVOA ALVAREZ	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	2,74
55	56	926	32051A056009260000ME	- NICANOR PAYO BOO - MAXIMO BOO PAYO - RAFAEL PAYO BOO - DELFIN BOO PAYO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	70,35
56	56	1332	32051A056013320000MA	- MARIA CATALINA LOSADA FIDALGO	SOLO DE NÚCLEO RURAL (SNR)	9,49
57	56	912	32051A056009120000ML	- JOSE ANTONIO DAPIA SANCHEZ - VANESA DAPIA SANCHEZ	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	3,86
58	56	914	32051A056009140000MF	- MARIO PARDO GONZALEZ	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	40,85
59	56	911	32051A056009110000MP	- HEREDEROS DE CARMEN LOPEZ PALOMANES	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	18,63
60	56	1330	32051A056013300000MH	- RAFAEL PAYO BOO - NICANOR PAYO BOO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	4,37

61	56	910	32051A056009100000MQ	- TERESA ZARRAQUÍÑOS BOO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	3,35
62	56	909	32051A056009090000ML	- JOSE ANTONIO DAPIA SANCHEZ - VANESA DAPIA SANCHEZ	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	16,95
63	56	917	32051A056009170000MK	- JESUS LOSADA FIDALGO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	2,73
64	56	916	32051A056009160000MO	- LUIS JUSTO ZARRAQUÍÑOS	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	155,84
65	56	915	32051A056009150000MM	- MARIA CATALINA LOSADA FIDALGO	SOLO DE NÚCLEO RURAL (SNR)	42,49
66	56	1402	32051A056014020000MP	- TERESA ZARRAQUÍÑOS BOO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	15,71
67	56	1328	32051A056013280000MW	- LUIS JUSTO ZARRAQUÍÑOS	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	6,50
68	118	310	32051A118003100000OQ	- ROCIO BOO FERREIRO - JESUS ALONSO VIEIRA - HEREDEROS DE JOSE ALONSO CASADO - JUSTO ALONSO CASADO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	63,44
69	118	211	32051A118002110000OY	- LORENA ALONSO FIDALGO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	10,69
70	56	1331	32051A056013310000MW	- MARIO PARDO GONZALEZ	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	22,53
71	56	908	32051A056009080000MP	- RAFAEL PAYO BOO - NICANOR PAYO BOO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	61,15
72	56	907	32051A056009070000MQ	- TERESA ZARRAQUÍÑOS BOO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	25,90
73	57	143	32051A057001430000MH	- DELFIN BOO PAYO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	61,83
74	57	141	32051A057001410000MZ	- JOSE BOO GALLEGO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	21,61
75	57	140	32051A057001400000MS	- ALBINO RODRIGUEZ RODRIGUEZ - JOSE RODRIGUEZ RODRIGUEZ	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	9,42
76	57	138	32051A057001380000MZ	- JULIA ATANES PAYO - HEREDEROS DE ERNESTO ATANES PAYO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	133,42
77	57	137	32051A057001370000MS	- ADOLFO ALVAREZ NOVOA - SANTOS ALVAREZ NOVOA	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	18,03
78	57	145	32051A057001450000MA	- TERESA ZARRAQUÍÑOS BOO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	36,48
79	57	136	32051A057001360000ME	- NICANOR PAYO BOO	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	20,66
80	57	146	32051A057001460000MB	- MARIA CATALINA LOSADA FIDALGO	SOLO DE NÚCLEO RURAL (SNR)	21,71
81	57	147	32051A057001470000MY	- HEREDEROS DE JUAN BOO DAMEA	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	22,87
82	57	262	32051A057002620000MX	- BENIGNO PAYO PEREZ	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	27,07
83	57	125	32051A057001250000MM	- JUAN ATANES ALVAREZ	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	26,29
84	57	261	32051A057002610000MD	- BENIGNO PAYO PEREZ	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	40,34
85	57	124	32051A057001240000MF	- JOSE RAUL BOO GONZALEZ - MARIA REGINA PAYO FERNANDEZ	SOLO DE NÚCLEO RURAL (SNR)	13,41
86	57	122	32051A057001220000ML	- HEREDEROS DE ROSALIA PAYO NOVOA	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	33,28
87	57	148	32051A057001480000MG	- MARIA CATALINA LOSADA FIDALGO	SOLO DE NÚCLEO RURAL (SNR)	59,78
88	57	127	32051A057001270000MK	- BENIGNO PAYO PEREZ	SOLO NUCLEO RURAL (SNR)	50,24
89	57	260	32051A057002600000MR	- JOSE RAUL BOO GONZALEZ - MARIA REGINA PAYO FERNANDEZ	SOLO DE NÚCLEO RURAL (SNR)	11,75

4º.- Notificarlles esta resolución aos interesados e ordenar a súa publicación no BOP, nun diario dos de maior circulación na provincia e no taboleiro de anuncios do concello afectado,

de conformidade coa lexislación vixente.

* Información: Sección de Patrimonio e Expropiacións: rúa do Progreso, nº 32 Ourense 32003,(tfno:988317535,expropiaciones@depourense.es).

3º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA TRAMITAR, POR DELEGACIÓN DE COMPETENCIA DO CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS, PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA PARA EXECUTAR O “PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS DO POLÍGONO P-6.1 DA AR-6, NO NÚCLEO DE REBOREDO”, NO TERMO MUNICIPAL DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS.

O presidente da comisión explica o contido da proposta.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación, con todos os documentos sinalados no artigo 118 parágrafo primeiro da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e concordantes do seu regulamento para execución do Plan especial de infraestruturas e dotacións do polígono P-6.1 da AR-6, no núcleo de Reboredo, no termo municipal de San Cibrao das Viñas, e deste xeito obter os terreos e demais dereitos incluídos no ámbito do devandito plan especial, reflectidos no cadro seguinte:

REFERENCIA CATASTRAL	Nº PLANO	TITULAR	SUPERFICI E CATASTRAL (M ²)	SUPERFICIE EXPROP (M ²)
6027601NG9852N	1	HEREDEROS DE DELGADO ROMERO FLORENTINO	431,00	347,72
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS		83,28
6027602NG9852N	2	CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS	1.605,00	699,88
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS		905,12
6027603NG9852N	3	EN INVESTIGACIÓN, ART.47 DA LEI 33/2003	331,00	256,64
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS		74,36
6027604NG9852N	4	CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS	268,00	223,84
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS		44,16
6027605NG9862N	5	PRIETO ABADÍN MODESTO	142,00	101,96
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS		40,04
6027606NG9852N	6	FIDALGO CID REMEDIOS	906,00	864,92

		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		41,08
6027607NG9862N	7	ANTONIA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	436,00	399,00
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		37,00
6027608NG9862N	8	OUTEIRIÑO LAGE LUISA	1.355,00	1.325,69
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		29,31
6027609NG9862N	9	HEREDEROS DE PORTO VIROSTA ROGELIO	1.360,00	1.308,77
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		51,23
6027610NG9862N	10	HEREDEROS ABADIN BOO LUIS	492,00	464,54
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		27,46
6027611NG9862N	11	HEREDEROS DE NOVOA FERNANDEZ RAQUEL	28,00	28,00
6027612NG9862N	12	CONDE GONZALEZ ELADIO	38,00	38,00
6027613NG9862N	13	NOVOA NOVOA ANTONIO	15,00	15,00
6027614NG9862N	14	HEREDEROS DE OUTEIRIÑO LAGE EULALIA	11,00	11,00
6027615NG9852N	15	PEREZ GONZALEZ RAFAEL	853,00	822,93
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		30,07
6027616NG9862N	16	PEREZ CAMBA ALBERTO	383,00	330,75
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		52,25
6027617NG9862N	17	CASTRO PEREZ BLANDINA	135,00	135,00
6027618NG9862N	18	VAZQUEZ DELGADO PAZ	376,00	376,00
6027619NG9862N	19	ABADIN BARANDELA MANUEL E JOSEFINA	2.532,00	2.532,00
6027620NG9862N	20	DELGADO PEREZ M ^a LUISA	1.766,00	1.766,00
6027621NG9862N	21	BOO PEREZ LUIS	1.023,00	1.023,00
6027622NG9862N	22	CAMBA DE LA TORRE MARIA	585,00	187,02
6027623NG9862N	23	QUINTAS ABADIN LUCITA- LÓPEZ RIVERA MANUEL	623,00	112,49
6027624NG9862N	24	HEREDEROS DE QUINTAS BLANCO ARSENIA	1.045,00	609,46
6027625NG9862N	25	QUINTAIROS LAGE MIGUEL	1.448,00	1.448,00
6027626NG9862N	26	BLANCO CID MERCEDES	344,00	344,00
6027627NG9862N	27	BLANCO FEIJOO OBDULIA	516,00	516,00
6027628NG9862N	28	ALONSO ALVAREZ SERAFIN	540,00	540,00
6027629NG9862N	29	PÉREZ DORRIBO RODRIGO/ PÉREZ DORRIBO ISMAEL	1.267,00	1.267,00
6027630NG9862N	30	CAMBA ABADIN MILAGROS	414,00	414,00
6027631NG9862N	31	OUTEIRIÑO LAGE LUISA	405,00	405,00
6027632NG9862N	32	HEREDEROS DE CABANELAS LAGE MARINA	475,00	449,58
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		25,42
6027633NG9852N	33	PAREDES FERNANDEZ MARÍA DEL CARMEN	394,00	371,85
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		22,15
6027634NG9852N	34	IGLESIAS ANTONIO	383,00	362,03
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		20,97
6027635NG9852N	35	GONZALEZ SANTAS ELADIO	386,00	312,62
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		73,38
6027636NG9852N	36	CANABELAS LAGE MARINA	517,00	397,42
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		119,58
6027637NG9852N	37	IGLESIAS ANTONIO	548,00	526,92
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		21,08
6027638NG9852N	38	HEREDEROS DE NOVOA FERNANDEZ RAQUEL	242,00	183,76
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		58,24

6027639NG9852N	39	DIAZ DA CRUZ JUAN	96,00	51,77
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		44,23
6027640NG9852N	40	HEREDEROS DE FERNANDEZ PRIETO SERGIO	199,00	197,74
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		1,26
6027641NG9852N	41	FERNANDEZ ARAUJO LUIS	410,00	305,29
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		104,71
6027642NG9852N	42	HEREDEROS DE DELGADO ROMERO FLORENTINO	504,00	455,83
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		48,17
6027643NG9852N	43	CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS	88,00	53,32
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		34,68
6027644NG9862N	44	PÉREZ DORRIBO RODRIGO/PÉREZ DORRIBO ISMAEL	920,00	860,55
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		59,45
6027645NG9862N	45	ABADIN FUENTES MARÍA, FUENTES ESPINOSA JOSEFINA	524,00	524,00
6027646NG9862N	46	CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS	106,00	67,70
6027647NG9862N	47	EN INVESTIGACIÓN ART.47 DA LEI 33/2003	121,00	121,00
6027648NG9862N	48	EN INVESTIGACIÓN ART.47 DA LEI 33/2003	201,00	201,00
6027651NG9862N	51	EN INVESTIGACIÓN ART.47 DA LEI 33/2003	316,00	287,28
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		28,72
5925508NG9862N	8	PEREZ GONZALEZ RAFAEL	258,00	245,00
		ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS		13

2º) Expoñer o proxecto de expropiación ao público, de conformidade co previsto no artigo 118 parágrafo terceiro, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e concordantes do seu regulamento, polo prazo dun mes para que aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que xulguen convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

3º) Notificarlles individualmente as taxacións dos bens e dereitos afectados polo proxecto de expropiación aos seus titulares, de conformidade co previsto no artigo 118 parágrafo cuarto, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e concordantes do seu regulamento, mediante traslado da correspondente folia de aprecio coa fixación dos criterios de valoración.

4º) Notificarlles esta resolución aos interesados e ordenar a súa publicación mediante inserción de anuncio no Diario Oficial de Galicia, nun diario dos de maior circulación na provincia e no taboleiro de anuncios do Concello afectado, o abeiro do establecido no artigo 118 parágrafo terceiro, da lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e concordantes do seu regulamento.

4º.- PRÓRROGA DA ASUNCIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DOS SERVIZOS MÍNIMOS DO CONCELLO DOS BLANCOS.

O presidente da comisión explica o contido da proposta.

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta se ademais desta prórroga que se prevé ata 2024 existe algunha previsión máis a longo prazo de cando finalizaría esta dispensa de servizos.

O **Sr. secretario** contesta que, da información remitida polo Concello dos Blancos, comprensiva do informe do secretario-interventor e do plan de axuste do dito concello, se estima unha previsión ata 2027.

O **presidente da comisión** engade que a principal relevancia deste dispensa, que é a única que se tramitou nesta Comunidade Autónoma, é que os veciños e veciñas do dito concello non se viron prexudicados nin sufriron ningunha mingua nos servizos municipais.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Solicitarlle ao Consello da Xunta de Galicia a prórroga, ata o 14 de marzo de 2024, da autorización de asunción pola Deputación Provincial de Ourense da prestación dos servizos mínimos obrigatorios do Concello dos Blancos, conferida por acordo do Consello do 1 de febreiro de 2018 e publicada no DOG núm. 52 de data 14.03.2018, e prorrogada polo acordo do Consello de 12 de marzo de 2020.

5º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO MODO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (RSU) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

O presidente da comisión explica o contido da proposta.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que xa é coñecida a postura do seu grupo sobre a xestión deste servizo e que xa en xuño de 2021 presentaran unha moción pedindo que se mantivese a xestión directa. Entende que en opinión do seu grupo é dificilmente xustificable esta privatización do servizo, sen que isto supoña maior custo e menor calidade. Engade que

no debate plenario da aprobación inicial o grupo de goberno aludiu á conformidade dos traballadores afectados, o cal resulta dubidoso á vista das alegacións presentadas, unha por un traballador a título particular e outra por unha organización sindical que é a maioritaria neste ámbito.

O **presidente da comisión** ratifica os argumentos esgrimidos no debate plenario. Engade que a postura do grupo de goberno tamén é coñecida, xa que este cambio figuraba tanto no anterior como neste plan de mandato.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita e o voto en contra do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º. Desestimar, polos motivos que constan no informe realizado pola Área de Medio ambiente da Deputación de data 8 de febreiro de 2022 (o cal consta incorporado ao expediente no documento electrónico con CSV 14610755671774523053) e que serve de sustento argumental ao presente acordo, o escrito de alegacións presentado por Agustín M. Ramos Pérez actuando en nome e representación de José Luís Torres Bernárdez (NRE 1007).

2º. Desestimar, polos motivos que constan no informe evacuado pola área de medio ambiente da Deputación de data 8 de febreiro de 2022 (o cal consta incorporado ao expediente no documento electrónico con CSV 14610755671774523053) e que serve de sustento argumental ao presente acordo, o escrito de alegacións presentado por Manoel Anxo García Torres en nome e representación da Confederación Intersindical Galega (NRE 3313).

3º. Ratificar a consideración de que a forma máis adecuada para a prestación do servizo público intermunicipal delegado de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos (RSU) da Deputación Provincial de Ourense, polos motivos acreditados no expediente de referencia, é a de xestión indirecta, a cal deberá prestarse a través das formas previstas na Lei 9/2017 de contratos do sector público: contrato de servizos con prestación directa a favor da cidadanía, ou contrato de concesión de servizos.

4º. Aprobar definitivamente a modificación do modo de xestión do servizo público intermunicipal delegado de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos (RSU) da Deputación Provincial de Ourense, pasando de xestión directa a xestión indirecta, de acordo coa Memoria xustificativa e demais documentación incorporada ao expediente de referencia 2021/14562S.

6º.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2022

O **presidente da comisión** explica o contido da proposta.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, indica que o seu grupo estará disposto a votar a favor dunha parte do plan se se realizase a votación por separado. Engade que resulta rechamante que as 12 obras previstas no plan principal da rede viaria se refira todas a obras en estradas provinciais localizadas en concello gobernador polo Partido Popular e pide que, aínda que só sexa por estética, se reflexione sobre isto. Un claro exemplo é a obra prevista na estrada provincial OU 801, onde se prevé unha actuación no tramo emprazado en Carballeda de Valdeorras, pero non se inclúen os pouco máis de 100 m emprazados no Barco de Valdeorras, indicando que isto vai ser difícil de explicar. Indica que o plan principal prevé actuacións nuns 20 quilómetros en total da rede viaria e se sumamos unha porcentaxe similar do plan complementario necesitaríamos uns 45 anos para actuar nos máis de 1.800 quilómetros da rede viaria provincial. Conclúe pedindo maior planificación na xestión da rede viaria e na elaboración dun plan a medio ou longo prazo, para garantir a conservación e mantemento de toda a rede.

O **presidente da comisión** contesta que a referencia realizada ao plan principal da rede viaria é inadecuada e que, en todo caso, hai obras do plan complementario que se van realizar con total seguridade, onde a maioría non son concellos do PP. Sobre a referencia concreta ao Barco de Valdeorras indica que no plan complementario se atopa a obra de seguridade viaria na travesía de Vegamuíños no Concello do Barco de Valdeorras e que esta se vai executar con case total seguridade. Engade por último que ademais deste plan deben terse en conta as actuacións de conservación e mantemento que se realizan por outras vías e polas propias brigadas do servizo da Deputación.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais (Plan base) e da Rede viaria provincial para o exercicio 2022, co detalle que figura na relación de obras para o efecto redactada, co seguinte resumo:

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ESTRADAS

	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
1.- Obras municipais	3.094.000,00 €	357.369,10 €	3.451.369,10 €
2.- Adhesión á base 9ª	1.326.000,00 €		1.326.000,00 €
2.- Rede Viaria Deputación	1.500.000,00 €		1.500.000,00 €
TOTAL	5.920.000,00 €	357.369,10 €	6.277.369,10 €

PLAN COMPLEMENTARIO			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
Obras municipais	1.632.000,00 €	115.967,00 €	1.747.967,00 €
Rede Viaria Deputación	4.005.176,51 €		4.005.176,51 €

2º.- Someter o Plan a información pública mediante anuncio no BOP, para que se poidan formular alegacións ou reclamacións durante o prazo de 10 días. Se se presentan alegacións ou reclamacións o Plan debe ser sometido novamente a Corporación Provincial, para o acordo de aprobación definitiva.

No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, o Plan entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A PARALIZACIÓN DA PRIVATIZACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO PRESTADO POLA DEPUTACIÓN DE OURENSE NOS MUNICIPIOS DA PROVINCIA

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, procede a dar lectura á iniciativa política do seu grupo.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que vai apoiar a moción do Grupo Socialista, lembrando de novo que eles, xa en 2021, presentaran unha moción en termos similares, aínda que quizá máis ampla. Sinala que se trata de defender a xestión pública deste servizo.

O **presidente da comisión** indica que se trata dun asunto xa debatido amplamente no pleno da Deputación, que a postura do BNG lle parece correcta e coherente nos concellos nos que

governa. Sinala que resulta moito máis curiosa a actitude do Grupo Socialista, que na moción demoniza a xestión directa do servizo, mentres que hai concellos, co o propio Barco de Valdeorras, que teñen externalizado o dito servizo, polo que non se entende moi ben que prediquen unha cousa e fagan a contraria. Indica que neste asunto se deben evitar os debates ideolóxicos e que se coñeza a realidade da provincia e a do servizo. Á vista do informe da Área de Medio Ambiente considérase que o cambio de xestión está máis que xustificado.

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, sinala que lle parece un argumento moi pobre o do presidente, que fai referencia á xestión do servizo en concellos da provincia e elude o debate sobre o servizo provincial. Indica que hai 2 anos o Concello de Verín tomou a decisión de asumir a xestión directa do servizo, preguntándolle por que non cita ese caso e só cita os que lle interesan.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, indica que a xestión do servizo de lixo do Concello do Barco de Valdeorras, que se realiza vía xestión indirecta, se arrastra desde hai moitos anos e que se falamos de dicir unha cousa e facer a contraria non hai mellor exemplo que o presidente desta Deputación, que pide un reparto xusto e equitativo dos fondos europeos mentres el reparte a dedo os fondos da Deputación.

O **presidente da comisión** indica que non se entendeu ben o exemplo que el poñía sobre a xestión do servizo no Concello do Barco de Valdeorras, xa que hai exemplos para todos os gustos como poder ser concellos socialistas como Castrelo do Val ou O Carballiño que se mostraron favorables á xestión indirecta ou do PP como a Mancomunidad de Celanova que aposta pola xestión directa. Trátase de que os lexítimos gobernos de cada entidade local decidan libremente e dentro da legalidade.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, e ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (3) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (5) de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión **non** ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar ao goberno provincial do Partido Popular e Democracia Ourensana a paralizar definitivamente o proceso de privatización do servizo de recollida e transferencia de residuos que a Deputación de Ourense presta en réxime de competencia delegada.

2º.- Instar ao goberno provincial do Partido Popular e Democracia Ourensana a reforzar o servizo de recollida e transferencia de residuos que a Deputación de Ourense presta, en réxime de competencia delegada, cun modelo de xestión integral baseado nunha xestión pública cento por cento, non mercantil, sen ánimo de lucro, transparente, sostible e que faga plenamente efectivo o dereito dos centos de miles de veciños e veciñas a ter un servizo eficiente, sostible e estable.

3º.- Instar ao goberno provincial do Partido Popular e Democracia Ourensana a paralizar calquera decisión ou a absterse de adoptala no futuro, que supoña un retroceso, externalización ou privatización do servizo de recollida e transferencia de residuos que a Deputación de Ourense presta en réxime de competencia delegada, así como o empeoramento das prestacións e un encarecemento dos custos para a veciñanza.

8º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E ás 18.40 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.